



BOP

XOVES, 4 DE SETEMBRO DE 2025

N.º 203

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

GOBERNO DE ESPAÑA

DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA. ÁREA DE INDUSTRIA E ENERXÍA

Anuncio

Anuncio del Área Funcional de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galicia por el que se publica el Acuerdo de 13 de agosto de la citada Área Funcional de ampliación del plazo de presentación de alegaciones dentro del trámite de Información Pública (IP) de la solicitud de autorización administrativa previa (AAP) y el estudio de impacto ambiental (EsIA), del parque eólico «VILAMALAFRONSER» de 75,93 MW de potencia instalada, y su infraestructura de evacuación, en los términos municipales de A Pastoriza, Abadín, Riotorto, Mondoñedo y Lourenzá (Provincia de Lugo), promovido por la mercantil «ARADE SOLAR S.L.U.» Referencia del expediente: PEol-916.

ANTECEDENTES DE HECHO

Único: Con fecha de presentación del **31 de julio de 2025**, se ha recibido en la Delegación del Gobierno en Galicia solicitud de ampliación del plazo del trámite de información pública por parte de la entidad ASOCIACION PARA A DEFENSA ECOLOXICA DE GALIZA (ADEGA) con NIF G15044811, en relación con el trámite de Información Pública (IP) de la solicitud de autorización administrativa previa (AAP) y el estudio de impacto ambiental (EsIA), del parque eólico «VILAMALAFRONSER» de 75,93 MW de potencia instalada, y su infraestructura de evacuación, en los términos municipales de A Pastoriza, Abadín, Riotorto, Mondoñedo y Lourenzá, en la provincia de Lugo.

La instalación ha sido promovida por la mercantil «ARADE SOLAR S.L.U.», con NIF B09791591 y con código de expediente **PEol-916**.

En su virtud y de acuerdo con los siguientes,

HECHOS

Primero: Con fecha **26 de junio de 2025** se publicó en el BOE núm. 153, y posteriormente en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo núm. 150 de **2 de julio de 2025**, el Anuncio de **18 de junio de 2025** del Área Funcional de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galicia, por el que se somete, al trámite de Información Pública (IP), la solicitud de autorización administrativa previa (AAP) y el estudio de impacto ambiental (EsIA), del parque eólico «VILAMALAFRONSER» de 75,93 MW de potencia instalada, y su infraestructura de evacuación, en los términos municipales de A Pastoriza, Abadín, Riotorto, Mondoñedo y Lourenzá (Provincia de Lugo), promovido por la mercantil «ARADE SOLAR S.L.U.» y referencia del expediente PEol-916.

Segundo: Con fecha del **31 de julio de 2025**, se ha recibido en la Delegación del Gobierno en Galicia la solicitud de la entidad ADEGA, a la que se ha hecho referencia anteriormente.

FUNDAMENTOS DE DERECHO

Primero.- Conforme dispone el artículo 128 del Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica, corresponde a la Dirección General de Política Energética y Minas del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico resolver y notificar la resolución de autorización administrativa previa del proyecto de la instalación citada.

Por su parte, corresponde a la Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental, la resolución de los procedimientos de evaluación de impacto ambiental de proyectos de competencia estatal, de acuerdo con el artículo 8.1 b) del Real Decreto 503/2024, de 21 de mayo, por el que se desarrolla la estructura orgánica básica del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, y se modifica el Real Decreto 1009/2023, de 5 de diciembre, por el que se establece la estructura orgánica básica de los departamentos ministeriales.

De conformidade con lo previsto en el artículo 53.1.a) de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico, la tramitación de ambos procedimientos (AAP y DIA) se efectúa de manera conjunta.

El artículo 125 del Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, indica que las solicitudes formuladas conforme al artículo 122 (Presentación de solicitud de autorización administrativa) se someterán al trámite de información pública durante el plazo de treinta (30) días.

El artículo 36 de la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental, indica que el proyecto y el estudio de impacto ambiental serán sometidos a información pública durante un plazo no inferior a treinta (30) días hábiles.

Le corresponde a esta Área Funcional de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galicia, en virtud de lo dispuesto en el artículo 113 del Real Decreto 1955/2000 y en la Orden de 7 de noviembre de 1997 por la que se desarrolla el Real Decreto 1330/1997, de 1 de agosto, de Integración de Servicios Periféricos y de Estructura de las Delegaciones del Gobierno, que actúa sobre las provincias de Lugo y A Coruña, la condición de unidad tramitadora de los procedimientos administrativos iniciados.

Segundo.- El artículo 32 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, establece que la Administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos, que no exceda de la mitad de los mismos, si las circunstancias lo aconsejan y con ello no se perjudican derechos de terceros.

Tercero.- La solicitud presentada fundamenta la petición de ampliación de plazo en la complejidad del proyecto expuesto a información pública, en que la tramitación de este parque eólico se realiza simultáneamente con la del parque eólico Arno (PEol-931) también en la misma zona, y además que la época en la que se hizo público coincide con la estival.

Analizados los motivos reseñados y conforme a la normativa citada y demás normativa de aplicación, se considera pertinente acceder a la solicitud que no se considera que afecte sustancialmente a los plazos de tramitación y resolución del expediente que, en efecto, revisten cierta complejidad.

Por todo ello, en uso de las atribuciones para la tramitación del procedimiento conferidas en la normativa anteriormente reseñada

ACUERDO

Primero.- Ampliar en **quince (15) días hábiles** el plazo de presentación de alegaciones dentro del trámite de información pública del proyecto de la instalación citada, según lo firmado el **13 de agosto de 2025**.

Segundo.- Notificar el presente acuerdo al solicitante, al promotor, al órgano sustantivo, y ordenar su publicación tanto en el Boletín Oficial del Estado como en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, así como en la página web del Ministerio de Política Territorial y Memoria Democrática, en la página de la Delegación del Gobierno en Galicia, dentro del apartado "Procedimientos de información pública" en "Proyectos, Campañas e Información".

De conformidad con lo establecido en el artículo 32.3 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, los acuerdos sobre ampliación de plazos o sobre su denegación no serán susceptibles de recurso, sin perjuicio del precedente contra la resolución que ponga fin al procedimiento.

A Coruña, 14 de agosto de 2025.- El Director del Área de Industria y Energía, Francisco Javier Filgueira Rodríguez.

R. 2459

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O EXERCICIO 2025.

En cumprimento do que dispón a lei reguladora das bases de réxime local e o artigo 70 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, o Concello de Barreiros anuncia que, por Resolución da alcaldía do 1 de setembro de 2025, se aproba a oferta de emprego público desta corporación para o exercicio 2025, incluíndo as seguintes prazas coas seguintes características:

Persoal Laboral fixo:

-2 Operarios de servizos múltiples

Equivalencia AP

Concurso-oposición libre

- 1 Oficial de Augas

Equivalencia C2

Concurso-oposición libre

- 1 Cociñeiro/a escola infantil

Equivalencia C2

Concurso-oposición libre

- 3 Auxiliares SAF

Equivalencia AP

Concurso-oposición libre

Barreiros, 1 de setembro de 2025.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 2476

LUGO

Anuncio

Queda aprobada definitivamente a modificación orzamentaria consistente en modificación da base de execución número 24.E) do vixente Orzamento Municipal 2025, ao non terse presentado reclamacións no prazo de exposición ao público dos acordos iniciais números 06/91 e 8/93 de aprobación da mesma, adoptados en sesión plenaria do 30 de xuño de 2025, publicados no BOP nº 158 do 11 de xullo de 2025 e rectificadas no BOP nº 177, do 4 de agosto de 2025, do seguinte teor:

Modificación da Base de execución Núm. 24.E) das de execución do Orzamento xeral do Concello de Lugo para o exercizo 2025, aos efectos de incluír como subvención nominativa a seguinte, na área de Cohesión Social:

ENTIDADE	CIF	PROGRAMA	IMPORTE
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Q1518001A	Destacando na ciencia. Programa universitario IV CICLO	1.500,00 €

Modificación da Base de execución Núm. 24.E) das de execución do Orzamento xeral do Concello de Lugo para o exercizo 2025, aos efectos de incluír como subvencións nominativas as seguintes, na área de Deportes:

DEPORTES			
Federación Galega de Judo	G15109267	Organización Campionato Galego de Judo	6.000,00
Federación Galega de Piragüismo	G36040764	Organización do Descenso do Miño	6.000,00
Federación Galega de Atletismo	G15103500	Organización de xornadas de promoción do atletismo	3.000,00
Asociación Española contra o Cancro	G28197564	Carreira solidaria "EN MARCHA CONTRA O CANCRO"	3.000,00
Asociación de loita contra Enfermidades Renais (ALCER)	G27015866	Carreira solidaria "DONAR É AMAR"	3.000,00
Asociación Galega de Xestores Deportivos	G15666746	Organización "PREMIOS GALICIA Á XESTIÓN DEPORTIVA"	12.000,00
Federación Española de Voleibol	Q2878044C	Organización pre-europeo de Voleibol	10.000,00
Colectivo Hércules	G72822158	Organización POSEIDÓN GAMES SERIES	12.000,00

Lugo, 29 de agosto de 2025.- O EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE EN FUNCÍONS, Rubén Arroxo Fernández.

R. 2477

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oural en sesión extraordinaria celebrada o día 8 de agosto de 2025, acordou aprobar o **Padrón Fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de XULLO de 2025 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de catro mil cincuenta e seis euros con cincuenta e dous céntimos (4.056,52 €), correspondendo mil setecentos trinta e seis euros con noventa e nove céntimos (1.736,99 €) a libre concorrência e dous mil trescentos dezanove euros con cincuenta e tres céntimos (2.319,53 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Oural, 12 de agosto de 2025.- O Alcalde – Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2460

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobado por Decreto da Alcaldía de data 14/08/2025 o padrón da taxa polo Servizo de axuda no fogar do mes de xullo de 2025; por medio do presente expónse ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do devandito padrón poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 28 de agosto de 2025.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 2461

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de agosto de 2025 o expediente de modificación de créditos 11/2025- expediente de transferencia de créditos- dentro do vixente Orzamento por importe de 27.700,00 € (Vinte e sete mil setecentos euros).

Por medio do presente expónse ó público o expediente de modificación de créditos antedito, polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que os interesados poidan examinalo e presenta-las reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 169, do RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e art. 42 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril.

Ribeira de Piquín, 26 de agosto de 2025.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 2462

O VALADOURO

Anuncio

Téndose aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o expediente de modificación do presuposto municipal vixente (nº 1 dos de competencia do Pleno do Concello), consonte ó acordo acadado na sesión extraordinaria celebrada o día 1 de agosto de 2025, ascendendo o seu importe á cantidade de CORENTA E OITO MIL TRINTA E SEIS EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (48.036,65 euros), de conformidade co preceptuado e, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do devandito presuposto queda da forma seguinte:

Capítulo I, Gastos de persoal:	1.111.939,41
Capítulo II, Gastos en bens correntes e servizos:	1.565.288,55
Capítulo III, Gastos financeiros:	1.000,00
Capítulo IV, Transferencias correntes:	157.896,00
Capítulo V, Fondo de continxencia e outros imprevistos:	---
Capítulo VI, Investimentos reais:	731.244,88
Capítulo VII, Transferencias de capital:	60.000,00
Capítulo VIII, Activos financeiros:	---
Capítulo IX, Pasivos financeiros:	---
SUMA TOTAL	3.627.368,84

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do expediente 502/2025 de modificación de presuposto municipal de gastos para o exercicio 2025, poderase interpor directamente recurso contencioso – administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso – administrativa.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Valadouro, 1 de setembro de 2025.- O Alcalde, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 2478

VIVEIRO

Anuncio

D^a. MARIA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan trece prazas de “CONSERXE” .

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de trece prazas de “CONSERXE” persoal laboral fixo.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do martes, 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal , que di:“(…) **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base a Acta das reunións do 24 de xaneiro de 2024 e do 20 de setembro de 2024, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.

SEGUNDO.- *Aceptar a proposta do Tribunal a favor de D. FRANCISCO JOSÉ NOVOA LABANDEIRA, D. DANIEL ATADELL VÁZQUEZ, DNA. NATALIA YÁÑEZ DEL RÍO, D. ANTONIO DÍAZ RÚA, D. MIGUEL SOTO MORENO, DNA. ZAIRA FERNÁNDEZ DOVALE, D. ROBERTO ZUHEROS PÉREZ, DNA. LUCÍA YÁÑEZ DEL RÍO, DNA. LETICIA ARCA LIZ, D. FABIAN PARDO FERNÁNDEZ, DNA. DOLORES GARCÍA LIZ, D. FRANCISCO JAVIER GOAS BASANTA E DNA. MONTSERRAT OTERO DASILVA , como aspirantes seleccionados, para ocupar en propiedade as prazas vacantes “CONSERXE” na Escala Administración Xeral, Subescala Subalterno...”*

Vista a base xeral 16 e 17, que sinala “(...) **16. RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO SELECTIVO.**

16.1 Órgano competente.

A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro, mediante Resolución de Alcaldía para resolver definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas seleccionadas, en virtude da proposta do Tribunal, e así mesmo, acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria presentando a documentación referida no punto 15.1 das bases xerais, procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días

hábiles, o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.

16.2. Publicación.

A Resolución de Alcaldía de nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo das persoas seleccionadas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, taboleiro de edictos e páxina web.

16.3. Remate do proceso selectivo.

A resolución destes procesos selectivos finalizarán antes do 31 de decembro de 2024.

17. TOMA DE POSESIÓN/CONTRATACIÓN.

17.1. Prazo.

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na Resolución de Alcaldía de nomeamento para cubrir as prazas convocadas, efectuarese no prazo de tres (3) días hábiles dende a publicación no BOP de dita Resolución, se non implica cambio de residencia, ou un (1) mes se comporta cambio de residencia.

17.2. Falta de toma de posesión.

De non presentarse á toma de posesión neste prazo o aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso.

17.3. Requisitos.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1. c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato...

Tendo en conta que, ao respecto da aspirante seleccionada para ser nomeada, ditouse Resolución da Alcaldía en data 19 de novembro de 2024, acordando suspender o prazo de presentación da documentación establecida na base xeral 15.1, por concorrencia de causa de forza maior, ao respecto do aspirante D. Francisco Javier Goas Basanta, quedando en consecuencia suspendido o prazo para o seu nomeamento e posterior toma de posesión en tanto concorra a causa de suspensión. Comprobada a concorrencia da causa de suspensión dende o inicio do prazo de presentación da documentación, este prazo reiniciarase na súa totalidade no momento no que deixe de concorrer a causa que motivou a suspensión, comezando nese momento o cómputo do prazo de 20 días hábiles previsto na base xeral 15.1.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do mércores, 04 de decembro de 2024, Núm. 280, publícase Resolución de Alcaldía sinalando que se realizará o nomeamento referente a esta praza unha vez reiniciado o prazo suspendido de presentación da documentación establecida na base xeral 15.1 por concorrencia de causa de forza maior, ao respecto do aspirante D. Francisco Javier Goas Basanta e presentada polo aspirante seleccionado a totalidade da documentación prevista na referida base. En caso de que unha vez reanudado o prazo non se presente a referida documentación, deberá seguirse a tramitación establecida na base xeral 15.4, ao respecto desa praza vacante.

Visto que en data 28 de abril de 2025, o INSS comunica ao Concello de Viveiro a aprobación de un proceso de incapacidade permanente no grado de total a D. Francisco Javier Goas Basanta, así mesmo informando a data de efectos da prestación de Incapacidade Permanente.

Visto que D. Francisco Javier Goas Basanta, en data 09 de maio de 2025, comunica que en data 02 de maio de 2025 se lle concede por parte da Seguridade Social unha prestación de incapacidade permanente no grao de Total para a súa profesión habitual con efectos económicos de 21 de abril de 2025, así mesmo solicita ao Concello de Viveiro que á vista das doenzas que padece, respaldadas por informes médicos, proceda a facer un estudo dun posto de traballo compatible coas doenzas e coa prestación de incapacidade que está a percibir.

Tendo en conta que o Concello de Viveiro lle propón a D. Francisco Javier Goas Basanta proceder a súa reubicación no posto de traballo de conserxe do Colexio de Celeiro (posto EC0.4/095), coas adaptacións indicadas no informe do Servizo de Prevención de Riscos.

Tendo en conta que D. Francisco Javier Goas Basanta en data 19 de agosto de 2025, presenta no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro a súa conformidade á proposta plantexada polo Concello de Viveiro.

Visto o disposto na base xeral 16 a Alcaldía resolverá definitivamente o proceso selectivo no prazo máximo de un mes dende a data límite para a presentación da documentación previa nomeando como persoal laboral

fixo para ocupar en propiedade trece prazas vacantes “CONSERXE” na Escala Administración Xeral, Subescala Subalterno do Concello de Viveiro.

Visto que consta no expediente a existencia de consignación orzamentaria e informe de fiscalización previa.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

RESOLVO

PRIMEIRO.-Finalizar o procedemento selectivo acordando nomear a **D. Francisco Javier Goas Basanta**, como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade unha das **trece prazas** vacantes “CONSERXE” na Escala Administración Xeral, Subescala Subalterna do Concello de Viveiro. O contrato a formalizar será como persoal indefinido a xornada completa, código 100. As retribucións a percibir serán as establecidas para cada posto de traballo na RPT en consonancia co disposto na normativa vixente.

SEGUNDO.- O prazo de formalización de contrato será de 3 días hábiles a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia, de conformidade co disposto na base xeral 17.1.

En atención ás características do presente proceso selectivo, e resultando que neste proceso se convocaron trece prazas vacantes “CONSERXE” coa correspondencia de postos de traballo da RPT establecida na convocatoria (SX6.7/040, SX6.7/041, EC2-/078, EC3.2/090, EC3.2/091, EC3.2/092, EC3.2/093, EC0.4/095, EC0.4/096, EC0.4/097, EC0.4/098, EC0.4/099 e EC0.4/100) -con base na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Viveiro, en consonancia coa demais normativa en materia de emprego público de aplicación á Administración Local- as persoas propostas para o seu nomeamento como persoal laboral fixo no correspondente proceso selectivo obterán destino provisional no posto que, no seu caso se atopan desempeñando. As persoas propostas que non se atopen desempeñando ningún posto de traballo dos correspondentes ás prazas convocadas de “CONSERXE” ás que accederon obterán destino provisional, entre os postos restantes, atendendo á orde de prelación resultante do proceso, aplicando en caso de empate os criterios de desempate previstos nas bases xerais.

Tendo en conta a tramitación establecida no artigo 49 do TRET realizada con motivo da incapacidade permanente total aprobada polo INSS a favor de D. Francisco Javier Goas Basanta, reubícase a D. Francisco Javier Goas Basanta, como destino provisional, no posto de traballo de conserxe do Colexio de Celeiro (posto EC0.4/095), coas restriccións establecidas no informe do servizo de prevención de riscos, que deberán ser recollidas no contrato a formalizar co traballador.

TERCEIRO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello.

CUARTO.- Notificar a presente Resolución ao interesado, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e Tesourería.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 1 de setembro de 2025.- A Alcaldesa, D.^a María Carmen Gueimunde González. Ante min, a Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, D.^a María Luz Balsa Rábade.

R. 2479

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – LUGO

Anuncio

BASES XERAIS REGULADORAS E CONVOCATORIA DE BOLSAS “PRIMEIRAS RESIDENCIAS ARTÍSTICAS DO CAM LUGO (COLIVING ARTÍSTICO MUNICIPAL DE LUGO)” PARA 2025.

BDNS (Identif.):853790

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/853790>)

BASES XERAIS REGULADORAS E CONVOCATORIA DE BOLSAS “PRIMEIRAS RESIDENCIAS ARTÍSTICAS DO CAM LUGO (COLIVING ARTÍSTICO MUNICIPAL DE LUGO)” PARA 2025.

1.- Descrición e obxectivos da convocatoria.

O Concello de Lugo convoca as Primeiras Residencias Artísticas do Coliving Artístico Municipal de Lugo para 2025, co fin de fomentar as sinerxías artísticas, culturais e profesionais entre diferentes persoas, disciplinas e iniciativas. A convocatoria busca dinamizar o tecido artístico, social e empresarial local e o establecemento de xeito prolongado dunha comunidade colaborativa en diversas escalas. Búscase potenciar un impacto positivo no desenvolvemento socioeconómico local, impulsando a interacción social e comunitaria, e facilitando a profesionalización dos axentes culturais.

O Coliving Artístico Municipal sitúase ao pé do Camiño Primitivo, encamiñado a xuntar a trama urbana de Lugo co seu contorno fluvial tras a rehabilitación por parte do Concello, con fondos europeos FEDER da Estratexia DUSI Muramiñae, da que foi vivenda do pintor e escultor Gómez Pacios. Actualmente conta con dúas edificacións de residencia, taller e exhibición e unha ampla infraestrutura verde aberta a toda a cidadanía con programación propia.

O coliving artístico é unha forma de convivencia deseñada para artistas e creativos. Un centro reflexivo e núcleo cognitivo que impulsa a aprendizaxe e a evolución creativa dos que participan nel, ademais de ser punto de nacemento de proxectos e catalizador para a creatividade, a colaboración e o desenvolvemento profesional no ámbito artístico. O obxectivo principal do CAM é unir a persoas con intereses semellantes no ámbito artístico e laboral, que traballen e convivan en común; mentres comparten experiencias e proxectos que redunden na sociedade.

CAM Lugo está impulsado pola Concellería de Dinamización Económica do Concello, por iso o seu enfoque tamén incluírá o apoio ao emprendemento artístico. Isto lograrase mediante asesoramento que aborde aspectos xurídicos, fiscais ou de xestión de proxectos, co fin de fortalecer as capacidades emprendedoras dos artistas residentes, fomentando así a súa profesionalización.

A través desta convocatoria seleccionárase e becarase a tres artistas, creadores/as de prácticas artísticas en diferentes disciplinas, tales como as artes plásticas, escénicas, musicais, literatura, audiovisual, artes dixitais e/ou artes aplicadas. Acéptanse propostas que integren e hibriden distintas disciplinas artísticas.

O propósito das residencias é o desenvolvemento de tres proxectos artísticos site-specific que teñan en conta o espazo no que se van desenvolver e os eixos temáticos nos que se insiren. Algúns deles son: Territorio e paisaxe, Ecoloxía e sustentabilidade, Identidade, Comunidade, Saberes tradicionais e artesanía, Prácticas contemporáneas, Cambio climático, Corpos e espazo público, Tecnoloxía e natureza, Arte e xustiza social, Interacción entre arte e ciencia, A arte como memoria viva, O corpo como medio de expresión, Intervencións no espazo público, Paisaxes sonoros, Arte e alimentación, Educación e arte, O rural e o urbano, Arte e novas tecnoloxías.

Os artistas presentarán o resultado da súa actividade durante a súa residencia. O resultado terá unha dimensión práctica e os proxectos poderán formar parte do programa de dinamización do Coliving municipal, se así se considera, e sempre que o resultado poida ser obxecto de facilitar o emprendemento no eido da cultura.

Nesta anualidade 2025, outorgárase unha bolsa de 4.000€ para cada proxecto seleccionado. O Concello encargárase de prover aloxamento e espazo de obradoiro para a produción das obras no propio Coliving situado no barrio do Carme, en Lugo. Ademais tendo en conta que esta é a primeira promoción de bolseiros, engadirase a devandita cantidade un suplemento de 500 euros, para que con cargo a este suplemento provean as citadas instalacións de menaxe e téxtiles necesarios para a vida diaria nesas instalacións. O Servizo de desenvolvemento Local, facilitará unha listaxe previa coa enumeración de artigos imprescindibles de menaxe e téxtiles (acorde ao orzamento indicado), para a vida diaria no coliving. As tres persoas beneficiarias consensuarán o reparto dos elementos desa listaxe e/ou de outros que tamén consideren, e xustifiquen como necesarios. Esta listaxe terá que ser validada polo Servizo de Desenvolvemento Local, que velará pola eficiencia e eficacia económica desas adquisicións, para garantir a practicidade deses elementos na convivencia diaria. Tamén se velará por asegurar unha estética uniforme e alineada co mobiliario existente no edificio.

Estas adquisicións xustificáranse coas correspondentes facturas e xustificantes de pago, por un límite máximo de 500 €, e figuraran nun inventario que se custodiará no Servizo de Desenvolvemento Local, para que ao remate da súa estancia no Coliving, eses artigos queden a disposición doutras promocións de bolseiros.

Financiamento e concorrencia.

1. A dotación económica global é de trece mil cincocentos euros (13.500 €), sufragada con cargo ao orzamento para 2025 do Concello de Lugo

2. O procedemento para a concesión das becas será tramitado en réxime de concorrència competitiva, ao abeiro das presentes bases.

3. Estas subvencións son compatibles con outras axudas doutras administracións públicas e entidades públicas ou privadas, e con outros ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

2.- Requisitos dos e das artistas candidatos/as

Poderán participar nesta convocatoria artistas individuais, creadores/as nacionais ou estranxeiros/as empadroados en calquera municipio de España, maiores de idade, de diferentes disciplinas artísticas, presentándose un máximo de unha solicitude por titular.

3.- Prazos e fases de desenvolvemento:

Presentación de solicitudes:

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo (www.lugo.gal/portal/). Tamén poderán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A convocatoria para a concesión das bolsas previstas nestas bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo e na web municipal (www.concellodelugo.gal), acompañados dos formularios de solicitude de participación.

Emenda

Rematado o prazo de presentación, publicarase na páxina web municipal (www.concellodelugo.gal) unha listaxe provisional dos admitidos. Os/as participantes terán DEZ DÍAS HÁBILES, a partir do día seguinte da súa publicación, para corrixir calquera erro nos datos ou completar a documentación que falte, se é necesario.

Despois de finalizado o prazo de emenda, publicarase a lista definitiva de propostas na páxina web do Concello, dando inicio á fase de selección.

Comisión de valoración e resolución do Xurado.

Evaluarase principalmente a calidade, viabilidade e relevancia das propostas. O xurado realizará unha selección de tres proxectos entre as propostas presentadas, atendendo aos criterios de valoración establecidos no apartado 6 das presentes bases. A decisión do xurado, deberá quedar recollida nun Acta, na que figurará a valoración motivada dos criterios de selección para cada un dos participantes. Dita acta dará lugar a un informe proposta do órgano instrutor do procedemento (que deberá ser fiscalizado) no que se propondrá ao órgano competente os proxectos escollidos e por tanto beneficiarios da beca. Así mesmo, confeccionarase unha listaxe de RESERVAS ordenada por puntuación, que o Órgano instrutor deberá ter en conta, para o caso de que algunha das persoas participantes presente a súa renuncia.

O órgano instrutor do procedemento é o Servizo de Desenvolvemento Local.

O prazo máximo para resolver este procedemento será dun mes, dende a data de peche da convocatoria.

Desenvolvemento das residencias artísticas.

Unha vez rematada a fase de valoración e selección dos/as participantes, levarase a cabo o desenvolvemento presencial das I Residencias Artísticas no Coliving Artístico Municipal. Durante este período, os/as tres artistas traballarán no proxecto seleccionado, seguindo a proposta presentada e respectando o calendario de traballo establecido. A duración da estancia dos/as artistas seleccionados/as será, polo tanto, de tres meses.

4.- Apertura dos proxectos en residencia

O enfoque da apertura á comunidade dos proxectos en curso levarase a cabo mediante un diálogo entre a coordinación das residencias e os/as artistas, tendo en conta que o proceso de exhibición, mediación ou open studios das obras formará unha parte importante do proceso de residencia. Deste modo, os/as artistas deberán realizar un mínimo de TRES visitas a centros educativos, asociacións, etc., que así o soliciten a través do correo electrónico: cam@lugo.gal. Así mesmo, en horario previamente concertado co Concello de Lugo, poderán recibir a visita dos mesmos, co obxectivo de explicar e mostrar a evolución da súa obra e outros aspectos relacionados coa profesión artística.

5.- Presentación de propostas/proxectos e documentación necesaria.

As persoas interesadas en participar nesta convocatoria deberán cubrir e presentar debidamente toda a documentación solicitada, así como unha declaración responsable da veracidade da información achegada.

Cada proposta/proxecto debe integrarse nun único dossier en formato PDF. Os arquivos anexos de consulta (como vídeos, imaxes en alta calidade, etc.) deberán inserirse no dossier mediante ligazóns.

A proposta/proxecto deberá incluír o seguinte contido:

- a) Datos persoais de contacto.
- b) Certificado de empadramento.
- c) Certificación bancaria na que conste o número de conta no que deberá ser aboada a bolsa por parte do Concello de Lugo.
- d) Formulario de participación cuberto e asinado.
- e) Copia do Documento Nacional de Identidade ou pasaporte.
- f) Currículum abreviado e biografía resumida (máximo 2 páxinas).
- g) Breve resumo do proxecto (extensión máxima de 200 palabras).
- h) Dossier da proposta do proxecto a desenvolver na residencia artística, que inclúa:

Descrición conceptual, obxectivos, descrición técnica e de execución do proxecto (extensión máxima de 4.000 caracteres).

Relación de materiais, infraestruturas ou recursos necesarios para o desenvolvemento da estancia.

Calendario previsto de produción e actividades de mediación e apertura (mínimo unha).

Documentación que os/as artistas consideren oportuna para unha mellor comprensión do proxecto (bosquexos, esquemas, imaxes, vídeos, publicacións, referencias, mencións, ligazóns, etc.).

Dossier en formato PDF de traballos realizados (máximo 5 proxectos). Ademais, poderanse incluír ligazóns web para a visualización das obras, perfís en redes sociais ou calquera outro medio no que se poidan consultar os traballos realizados.
- i) Carta de motivación para formar parte da convocatoria (máximo 2.000 caracteres).
- j) Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.
- k) Certificado de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- l) Autorización a consulta que realizará de oficio o Concello de Lugo, de estar ao día dos pagamentos con este concello.
- m) Declaración da concesión de outras subvencións e axudas (percibidas e/ou solicitadas).
- n) Declaración de nos estar inhabilitado para obter subvencións e axudas.

6.- Criterios de valoración das propostas/proxectos.

- Adecuación ao espazo (site-specific). Puntuación máxima: 20 puntos

O proxecto debe ter en conta as características particulares do espazo (CAM Lugo) e estar deseñado especificamente para este entorno. Valorarase como se integra co lugar e como aproveita as súas características arquitectónicas, históricas e sociais.

0-5 puntos: O proxecto non ten en conta o espazo ou non é relevante para el.

6-10 puntos: O proxecto mostra unha comprensión básica do espazo, pero a súa integración é parcial.

11-15 puntos: O proxecto reflicte unha boa adaptación ao espazo, con algunhas consideracións innovadoras.

16-20 puntos: O proxecto demostra unha integración excepcional co espazo, resaltando e potenciando as súas características singulares.

- Orixinalidade, calidade e excelencia artística: Puntuación máxima 25 puntos

Valorarase a orixinalidade do concepto e a calidade artística da proposta, tendo en conta a creatividade, a innovación e o nivel artístico do traballo. O xurado avaliará a excelencia na execución das ideas propostas.

0-7 puntos: O proxecto carece de orixinalidade e non presenta calidade artística relevante.

8-14 puntos: O proxecto mostra certa orixinalidade e calidade, pero pode mellorar en algúns aspectos creativos.

15-19 puntos: O proxecto é orixinal, cun nivel de calidade e excelencia artística evidente, aínda que con áreas de mellora.

20-25 puntos: O proxecto é altamente orixinal, creativo e presenta unha calidade artística sobresaínte, destacando pola súa innovación.

- Viabilidade e coherencia do proxecto: Puntuación máxima 20 puntos

O proxecto debe ser viable en canto aos recursos dispoñibles, o tempo de execución e a capacidade do/a artista para levalo a cabo. Valorarase se o plantexamento é realista, coherente e se conta cun plan claro de desenvolvemento e execución.

0-5 puntos: O proxecto non é viable ou carece dun plan claro de desenvolvemento e execución.

6-10 puntos: O proxecto é algo viable, pero pode presentar desafíos significativos en canto a recursos ou tempos.

11-15 puntos: O proxecto é viable, cun desenvolvemento claro e coherente, aínda que podería mellorarse en certos aspectos.

16-20 puntos: O proxecto é completamente viable, cun desenvolvemento detallado, coherente e axeitado aos recursos dispoñibles.

- Impacto social e cultural: Puntuación máxima: 20 puntos

O proxecto debe ter un potencial de impacto na comunidade local ou no público en xeral, promovendo o diálogo e a interacción entre diferentes grupos. Valorarase se o proxecto contribúe ao enriquecemento cultural e se involucra ás comunidades locais dalgún xeito.

0-5 puntos: O proxecto ten un impacto social ou cultural limitado ou nulo.

6-10 puntos: O proxecto presenta algún potencial de impacto social ou cultural, pero de forma limitada.

11-15 puntos: O proxecto ten un impacto claro e positivo, promovendo a participación e o diálogo cultural.

16-20 puntos: O proxecto ten un gran potencial de impacto social e cultural, promovendo unha forte interacción e colaboración coa comunidade.

- Claridade e calidade na presentación da proposta: Puntuación máxima 15 puntos

Valorarase a claridade e organización da proposta presentada, así como a capacidade para comunicar de maneira efectiva a idea e os obxectivos do proxecto. A documentación debe ser clara, ben estruturada e comprensible, facilitando a avaliación da viabilidade e execución.

0-4 puntos: A proposta é confusa, desorganizada ou está mal presentada.

5-9 puntos: A proposta é comprensible, pero podería mellorar en claridade e organización.

10-12 puntos: A proposta está ben presentada, cunha estrutura clara e coherente.

13-15 puntos: A proposta é excepcionalmente clara e ben organizada, presentando todos os aspectos necesarios de forma efectiva.

7.- Xurado

Para a selección constituirase unha comisión de selección composta por 4 membros:

- 3 profesionais do eido da cultura e/ou emprendemento (comisarios/as, historiadores/as, críticos/as de arte ou artistas con contrastada experiencia no ámbito da práctica e investigación artística contemporánea)
- 1 técnico/a do Concello de Lugo, que actuará como secretario/a do xurado, con voz pero sen voto.

O proceso de selección dos/as propostas/proxectos levarase a cabo baixo o principio de concorrencia competitiva, seguindo os principios de imparcialidade, transparencia, equidade e non discriminación.

8.- Publicación do Resultado das valoracións e prazo de alegacións

Unha vez avaliados os proxectos, procederase a publicación (na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo), das puntuacións outorgadas polo xurado. Confeccionarase unha listaxe provisional coa relación numerada en orde decrecente de puntuación, de asignación de bolsas, e de reservas. Outorgarase un prazo de 5 días hábiles para alegacións. De non presentarse alegacións, unha vez transcorrido o devandito prazo, a listaxe provisional elevarase a definitiva, e ditarase a correspondente Resolución.

9.- Seguimento e avaliación do proxecto

De maneira periódica realizarase unha verificación in situ da evolución dos traballos por parte dalgún membro do comité de selección, que informará do avance do proxecto. No caso de que a evolución do proxecto sexa negativa, o comité de selección tomará as medidas oportunas, podendo implicar a perda do dereito do/a artista ao cobro íntegro da bolsa.

As persoas beneficiarias, poderán perder a condición de beneficiarias, e o dereito a percepción da bolsa, para o caso de que o comité de selección, verifique e informe que non se está levando a cabo o proxecto presentado, ou este non avance de xeito proporcional ao tempo transcorrido de estancia no coliving dende a súa admisión. Tamén perderán a condición de beneficiarias, para o caso de que se abandone o coliving sen preaviso e motivación de causa xustificada (enfermidade grave ou morte dun familiar directo, enfermidade da persoa beneficiaria, etc). Nalgún caso, se non se xustifica debidamente, este abandono pode supoñer a devolución dos importes percibidos.

Así mesmo, tamén será causa de perda da condición de beneficiario/a (da bolsa e de estancia no coliving), os comportamentos inapropiados que dificulten a convivencia co resto das persoas beneficiarias e/ou danen as instalacións do coliving.

Para o caso de que se presentasen circunstancias imprevistas que imposibiliten o desenvolvemento do proxecto, tal e como foi concedido, poderá modificarse a Resolución da concesión da axuda.

O incumprimento das condicións recollidas nas presentes bases, así como a renuncia, terá como efecto a obrigatoriedade, de ser o caso, de devolución da cantidade percibida, á cal se lle engadirán os correspondentes xuros de mora. A persoa beneficiaria ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da axuda percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, tal como indican os artigos 14.j) e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10.- Obrigas dos/as beneficiarios/as das residencias:

Os/as artistas seleccionados/as nesta convocatoria terán a obriga de cumprir cos seguintes requisitos:

- a) Informar por escrito a aceptación das normas dentro dun prazo máximo de CINCO días hábiles desde a data de recepción da notificación de adxudicación.
- b) Levar a cabo un proxecto deseñado especificamente para o programa de residencia.
- c) Desenvolver o proxecto para o que foron seleccionados dentro do prazo e conforme ás condicións establecidas na convocatoria, cumprindo cos obxectivos marcados no proxecto artístico presentado.
- d) Participar nas actividades organizadas arredor do desenvolvemento do proxecto de actuación.
- e) Aceptar e cumprir coas accións de seguimento e avaliación establecidas nestas bases para avaliar o avance dos proxectos e as actividades correspondentes.
- f) Xustificar o cumprimento total da actividade mediante unha memoria final no prazo indicado.
- g) e xustificación debe recollerse expresamente que no segundo pagamento, a contía de 500 € deberá quedar xustificada coa presentación da factura dos artigos de menaxe autorizados polo órgano instructor e que queden a disposición do Concello de Lugo.
- h) Declarar en calquera información referente á obra producida que o proxecto foi posible grazas ás I Residencias Artísticas do Coliving Artístico Municipal de Lugo.
- i) Autorizar a mención do seu nome e a reprodución gráfica da súa obra para calquera tipo de difusión que o Concello de Lugo considere apropiada en relación coas I Residencias Artísticas do Coliving Artístico Municipal de Lugo.
- j) Respetar as instalacións e os materiais dos espazos de traballo, conforme ao regulamento de uso, e facilitar a convivencia.
- k) No caso de querer realizar calquera acción promocional, esta deberá ser consensuada previamente co Concello de Lugo para a súa autorización.
- l) Cooperar co Concello de Lugo nas actuacións de comprobación que sexan necesarias para verificar o cumprimento das condicións determinantes da concesión.
- m) Comunicar calquera variación ou modificación que se produza durante a tramitación do procedemento do cumprimento e efectividade das condicións determinantes da concesión.
- n) Comunicar a renuncia ao proxecto no caso de que se produza unha causa determinante desta renuncia.

11.- Compromisos do Concello de Lugo

- Realizar o pago da bolsa aos/ás artistas seleccionados/as en tempo e forma.
- Proporcionar infraestrutura e recursos adecuados, facilitando un espazo habitable e garantindo condicións óptimas no Coliving Artístico de O Carme.
- Fomentar a interacción entre os/as residentes e o tecido artístico e cultural da cidade, así como coa sociedade civil en xeral.

- Difundir as actividades e resultados do/a residente a través dos canais de comunicación do CAM Lugo (web, redes sociais, medios locais, etc.) e outros medios de difusión.

12.- Dotación e pago da bolsa

A bolsa está dotada con bolsa de 4.000€ para cada proxecto seleccionado. O Concello encargárase de prover aloxamento e espazo de obradoiro para a produción das obras no propio Coliving. Ademais tendo en conta que esta é a primeira promoción de bolseiros, engadirase a devandita cantidade un suplemento de 500 euros, para que con cargo a este suplemento provean as citadas instalacións de menaxe e téxtiles necesarios para a vida diaria nesas instalacións. Estas adquisicións xustificaranse coas correspondentes facturas e xustificantes de pago, por un límite máximo de 500 €, e figuraran nun inventario. Ao remate da súa estancia no Coliving, eses artigos quedaran a disposición do Concello de Lugo. O pago da bolsa realizarase en dous prazos:

- O primeiro pago de 2.500 euros efectuarase unha vez que os/as artistas seleccionados/as acepten a bolsa e asinen todos os documentos requiridos.
- O segundo e último pago de 2.000 euros estará condicionado á execución, produción final da obra/intervención obxecto desta axuda. Sendo este un requisito indispensable para recibir o pago. Ademais, para a percepción deste último pago, deberá xustificarse coa factura ou facturas (e xustificantes de pagamento) correspondentes aos artigos de menaxe e/ou téxtiles adquiridos con cargo a cuantía máxima dispoñible para este fin, de 500 € (de acordo a listaxe previamente autorizada polo órgano instructor, que tamén deberá verificar que eses artigos quedan a disposición do Concello de Lugo).

Nesta cantidade inclúense o seu desenvolvemento, os gastos de transporte, estancia, manutención e posibles gastos de presentación pública do proxecto. Se o conxunto dos gastos que ocasionase a residencia fose maior, a axuda non será superior á cantidade indicada. O importe da axuda estará suxeito ás retencións que sexan de aplicación, e ás persoas beneficiarias non terán ningún outro dereito de carácter económico.

Ademais das axudas económicas indicadas en parágrafos anteriores, o Concello de Lugo, porá á disposición das persoas beneficiarias en calquera dos tres proxectos, o seguinte:

- O espazo de residencia e de traballo para poder ser utilizado durante tres meses, en condicións axeitadas para o seu uso.
- Os recursos humanos propios de seguimento técnico de cada proxecto, segundo a dispoñibilidade e horario pactados de común acordo coas persoas beneficiarias dos proxectos seleccionados. O Servizo de Desenvolvemento local será o encargado da mentorización que acompañará cada proxecto, dende o punto de vista da viabilidade emprendedora.

As persoas beneficiarias das axudas comprométense a coidar e conservar o espazo onde se desenvolva a súa residencia, tanto nos espazos individuais, como nos espazos comúns.

Verificarase en todo momento a execución ao longo da intervención artística, verificando o nivel de execución e seguimento a través do servizo de desenvolvemento Local (en colaboración co Comité de selección), e que o seu desenvolvemento se axusta ao informe presentado inicialmente, e tamén de acordo coa obra que finalmente deben presentar como condición do pago final.

Polo tanto, a avaliación e o seguimento da execución das intervencións artísticas levaranse a cabo ao longo do seu desenvolvemento. O incumprimento, neste sentido, da execución de acordo co informe do proxecto de intervención artística pode resultar no impago da cantidade final ou incluso no reembolso do importe inicial recibido.

13.- Desistencia da bolsa

No caso de que o/a beneficiario/a da beca decida abandonar o desenvolvemento do proxecto artístico antes da finalización do período estipulado de tres meses, aplicarase o principio de proporcionalidade para determinar a devolución da cantidade concedida no primeiro pago. En ningún caso se abonará o segundo pago en caso de abandono antes da finalización do proxecto.

a) Notificación de Abandono: O/a beneficiario/a deberá notificar por escrito a súa decisión de abandonar o proxecto, especificando as razóns da súa decisión, cun mínimo de CINCO días de antelación á data de abandono.

b) Cálculo do reintegro: O reintegro da bolsa calcularase do seguinte xeito:

Se o abandono ocorre durante o primeiro mes, o/a beneficiario/a deberá reintegrar o 100% do primeiro pago.

Se o abandono ocorre durante o segundo mes, o/a beneficiario/a deberá reintegrar o 50% do primeiro pago.

Se o abandono ocorre durante o terceiro mes, o/a beneficiario/a deberá reintegrar o 25% do primeiro pago.

c) Excepcións: Non se esixirá reintegro se o abandono se debe a causas xustificadas, como problemas de saúde, forza maior ou circunstancias excepcionais que impidan a continuidade do proxecto, sempre que se presenten as probas pertinentes.

d) Prazo de reintegro: O/a beneficiario/a deberá realizar o reintegro correspondente nun prazo non superior a CINCO días desde a notificación do abandono.

14.- Aceptación das bases, consentimento expreso, compromiso de execución.

Participar nas Residencias implica a total aceptación e cumprimento das bases, así como o compromiso de levar a cabo o desenvolvemento da residencia artística conforme aos criterios de calidade establecidos polo Concello de Lugo e cumprindo cos prazos estipulados.

Todos os participantes nesta convocatoria deben asinar e entregar correctamente todos os documentos requiridos para participar nas Residencias.

As propostas non deben conter material que poida resultar ofensivo ou irrespectuoso cara a individuos ou colectivos. Os participantes deben garantir que os seus proxectos non infrinxan os dereitos de terceiros, incluídos os dereitos de autor ou de imaxe, exonerando á organización de calquera responsabilidade. Verificarase a veracidade da información en calquera momento do proceso, e o incumprimento poderá resultar na exclusión da bolsa, sen prexuízo das responsabilidades legais dos solicitantes.

Os gañadores tamén deben garantir a autoría e orixinalidade das propostas de intervención presentadas, mesmo diante de reclamacións de terceiros.

O incumprimento das obrigas establecidas nesta convocatoria pode ser motivo de revogación dos beneficios, reservándose o Concello de Lugo o dereito de exercer as accións legais necesarias para defender os seus intereses.

15.- Dereitos de cesión das obras

Segundo a lexislación de propiedade intelectual, a obra creada durante a residencia artística pertence ao artista. Os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública serán cedidos ao Concello de Lugo temporalmente. Así, o Concello resérvase o dereito de publicar, comunicar, exhibir publicamente e difundir as obras gañadoras, durante os TRES anos posteriores á adxudicación, segundo o considere apropiado, en calquera forma, territorio, idioma ou modalidade. Polo tanto, o Concello resérvase o dereito de exhibir, reproducir, comunicar publicamente ou transferir o traballo, así como de realizar calquera outro tipo de explotación a terceiros durante os tres anos indicados anteriormente.

No caso de que o concello desexa adquirir a obra, o contrato de compra deducirá os custos do proceso realizado durante a estancia.

16.- Protección de datos

Os participantes autorizan ao Concello de Lugo a incluír os datos persoais achegados na documentación presentada en virtude desta convocatoria, nun ficheiro de súa titularidade, co obxecto de xestionar a presente promoción e os compromisos derivados dela, así como realizar estudos e/ou estatísticas e comunicar novas e información xeral.

Estes datos serán tratados coa máxima confidencialidade e de acordo coa protección e especificacións contidas na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e a súa normativa de desenvolvemento. Os participantes poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento, mediante escrito dirixido ao Concello de Lugo.

17.- Outras consideracións

O Concello de Lugo, como organizador destas bolsas, resérvase o dereito de realizar cambios no programa, sempre que impliquen melloras no seu desenvolvemento.

A resolución de calquera conflito ou litixio en relación con esta convocatoria resolverase de conformidade coa lei española, someténdose expresamente ao foro ou xurisdición dos Xulgados de Lugo.

Non se avaliarán proxectos e documentación complementaria e/ou incompleta fóra dos prazos establecidos.

As consultas relacionadas con este proceso serán respondidas por correo electrónico: cam@lugo.gal."

*O Anexo de solicitude publicarase na web municipal (www.concellodelugo.gal) para que poidan ser cubertos polas persoas interesadas.

Lugo, 27 de agosto de 2025.- O Alcalde en funcións, Rubén Arroxo Fernández.